



FEDERACIÓN GALLEGA DE ATLETISMO



CAMPAÑA “CAMBIA DE PAPEL”. ACCIÓN: I CARREIRA SOLIDARIA

CONTEXTO XERAL

A campaña Cambia de papel (www.cambiadepapel.com) nace como resultado de 14 anos de traballo de Implicadas no Desenvolvemento a prol dunhas relacións máis xustas entre os pobos dende un compromiso feminista e crítico. No momento actual a clima de crise de valores e de maior incidencia dos actores lucrativos nos recortes sociais (apoio aos bancos e “reflote” das economías a costa de dereitos laborais) ten importantes consecuencias na mentalidade da poboación, que mira aínda máis cara ao propio e que non busca establecer lazos coa situación de explotación planetaria que se padece dende a época colonial nos países do Sur. Os sistemas de axuda governamental están neste momento nunha crise de valores sen precedente, subordinados a recortes inxustificables que fan que sexa prioritario por unha banda exercer presión sobre eles e pola outra asegurar a independencia das súas circunstancias. Igualmente, o consumismo como principal modo de vida das sociedades do Norte leva a que haxa pouco interese en cuestionar os modos de vida propios, algo sen o cal é imposible loitar contra a pobreza. Finalmente, no campo crucial da representación, as nosas sociedades seguen promovendo visións das comunidades do Sur que infantilizan, problematizan ou totalizan as experiencias e polo tanto mediatizan a cooperación. Esta situación vese exacerbada no caso das mulleres, que se converten en ferramentas do imaxinario para establecer ao mundo occidental como o sistema de valores modelo para todas as sociedades.

OBXECTIVO XERAL DA CAMPAÑA

Provocar un cambio na mentalidade da cidadanía con respecto á representación e estruturas pobreza/xénero e activar un cambio de papel que leve a unha implicación real das persoas na loita contra a pobreza.



FEDERACIÓN GALLEGA DE ATLETISMO



“Corre con Implicadas”

Dentro das accións que se levarán a cabo durante a campaña ‘Cambia de papel’ (www.cambiadepapel.com), **Implicadas No Desenvolvemento** organiza o sábado **26 de maio de 2012** a partir das **17:00h**, a **I CARREIRA SOLIDARIA** en **Santiago de Compostela** coa colaboración da Federación Galega de Atletismo a través da súa Delegación en Santiago, da Universidade de Santiago e do Concello de Santiago de Compostela. A carreira quedará supeditada ao seguinte

REGULAMENTO

1) “CORRE CON IMPLICADAS”

Nesta esta carreira poderán participar tanto persoas populares como atletas federadas/os de todas as idades.


2) LUGAR, HORA DE SAÍDA E PROBA

Todas as categorías sairán da Avda Antonio R. Ibáñez, a carón do mirador da Alameda santiaguesa, punto que tamén será a meta para todas elas.

HORARIO	CATEGORIA	PROBA
17:00 h	XUVENIL, JUNIOR, PROMESA, SÉNIOR E VETERÁNS MASCULINO/FEMININO	5730 m aprox
17:45 h	INFANTIL e CADETE MASCULINO/FEMININO	2410 m aprox
18:10 h	BENXAMÍN e ALEVÍN MASCULINO/FEMININO	1260 m aprox
18:30 h	PREBENXAMÍN e PITUFOS/AS	300 m aprox

3) PERCORRIDO

PLANO DAS PROBAS



4) CATEGORÍAS DOS/AS PARTICIPANTES

CATEGORIA	ANOS	PROBA
PITUFAS/OS	2007 e posteriores	300 m aprox
PREBENXAMÍN	Atletas nados en 2005 e 2006	300 m aprox
BENXAMÍNS	Atletas nados en 2003 e 2004	1260 m aprox
ALEVÍN	Atletas nados en 2001 e 2002	1260 m aprox
INFANTIL	Atletas nados en 1999 e 2000	2410 m aprox
CADETE	Atletas nados en 1997 e 1998	2410 m aprox
XUVENIL	Atletas nados en 1995 e 1996	5730 m aprox
JUNIOR	Atletas nados en 1993 e 1994	5730 m aprox
PROMESA	Atletas nados en 1990, 1991 e 1992	5730 m aprox
SENIOR	Atletas nados entre 1989 e o 1978	5730 m aprox
VETERÁNS/AS A	Atletas nados/as entre 1977 e 1967	5730 m aprox
VETERÁNS/AS B	Atletas nados/as entre 1957 e 1966	5730 m aprox
VETERÁNS/AS C	Atletas nados/as en 1956 e anteriores	5730 m aprox

5) INSCRIPCIÓN:

As inscricións de todas as categorías faranse na páxina web da Federación Galega de Atletismo: www.atletismoqalego.org con prazo o **mércores 23 de maio ás 22:00 horas**. As categorías xuvenil, junior, promesa, senior e veteranos, tanto masculinas como femininas, requirirán chip para o seu control.



FEDERACIÓN GALLEGA DE ATLETISMO



Dada que é unha carreira solidaria en beneficio de Implicadas No Desenvolvemento o prezo das inscricións será o seguinte:

- Terán un **donativo de 5 euros** na categoría xuvenil, junior, promesa, senior e veteranán masculina e feminina.
- **2 euros** para as **restantes categorías**.

O pago farase no seguinte número de conta de Implicadas No Desenvolvemento, indicando sempre no **CONCEPTO: CORRE CON IMPLICADAS** e o **NOME DA PERSOA QUE VAI FACER A CARREIRA**.

NOVA GALICIA BANCO 2080 0531 11 3040010798

IMPORTANTE: a data límite para inscribirse e poder participar na carreira solidaria será o mércores 23 de maio ás 22:00 horas non admintíndose baixo ningún concepto ningunha outra inscrición posterior a dita data e hora, nin por suposto o mesmo día da competición. A preinscrición non se efectuará se non se fai o pago na conta bancaria pertencente a Implicadas No Desenvolvemento e indicando SEMPRE no CONCEPTO:

“CORRE CON IMPLICADAS e o NOME DA PERSOA QUE SE INSCRIBE”

DATOS NECESARIOS para facer a **INSCRICIÓN:**

- NOME e APELIDOS
- DATA DE NACEMENTO COMPLETA (dd/dd/yyyy)
- PROCEDENCIA (Clube, colexio, instituto, empresa)
- Nº de Licencia ou seguro escolar se o/a ten
- D.N.I
- TELÉFONO
- DIRECCIÓN
- CORREO ELECTRÓNICO



FEDERACIÓN GALLEGA DE ATLETISMO



6) RECOLIDA DE DORSAIS E CHIPS

O mesmo día da proba, é dicir, o 26 de maio nas carpas habilitadas para tal efecto no lugar de saída ata 30 minutos antes do comezo de cada proba. Recoméndase chegar con suficiente tempo de antelación para evitar colas de última hora.

DESCALIFICACIÓN: toda persoa que incumpra as normas da competición ou as impostas nos regulamentos das probas en ruta pola RFEA e FGA será descalificada a criterio do xuíz/a árbitro/a da competición.

7) CONTROL DE CHEGADA:

A cronometraxe en canto á proba dos 5730 m correrá a cargo da Federación Galega de Atletismo a través dun cronómetro con chip. As outras dúas probas serán cronometradas polos xuíces do Comité Gallego da Federación Galega de Atletismo (Delegación en Santiago).

8) PREMIOS:

Ao finalizaren as probas farase a entrega dos premios segundo a orden temporal na que se foron executando as mesmas.

PREMIOS

- **BOLSA DO/A CORREDOR/A** será entregada a todo participante que chegue e pase a meta. Esta levará o seguinte:
 - Unha bebida (auga).
 - Unha froita.
 - Un agasallo de Implicadas No Desenvolvemento.
- **MEDALLAS:** ás tres persoas mellores clasificadas de cada categoría.
- **TROFEOS:** ao colexio, ao instituto, ao club e á empresa que máis participantes acudan e rematen a carreira.



FEDERACIÓN GALLEGA DE ATLETISMO



- **LOTES SORPRESAS:** sorteo de lotes sorpresas facendo coincidir co número de dorsal que teña cada quen.

DESTINO DA RECADACIÓN

A recadación resultante de cada inscrición irá destinada aos proxectos de cooperación ao desenvolvemento que Implicadas No Desenvolvemento ten na India. Por un lado para apoiar e dar continuidade ao proxecto de erradicación do infanticidio feminino en Salem (India) e por outro ao proxecto de corredor de xénero.

Implicadas/os No Desenvolvemento é unha ONG galega de cooperación ao desenvolvemento fundada no ano 1998 e de base voluntaria. Na actualidade conta con aproximadamente 50 persoas voluntarias e unha soa persoa contratada en Galicia. O seu obxectivo é traballar a prol da erradicación da pobreza nas comunidades máis afectadas por ela, en concreto coas mulleres, na procura da igualdade de xénero, a través da eliminación das estruturas de opresión Norte-Sur e contribuír a que todas as persoas teñan unha vida digna.

Dende os seus comezos Implicadas desenvolve proxectos de cooperación baseados na igualdade de xénero e na autosuficiencia das comunidades, traballando man a man coas organizacións civís do Sur. Unhas das tarefas principais de Implicadas en Galicia é a sensibilización da nosa sociedade sobre a pobreza, as súas causas e as súas solucións, para conseguir un mundo máis xusto e solidario.

O programa de **Erradicación do Infanticidio Feminino en Salem** é unha iniciativa promovida por Implicadas e a ONG támil [People's Development Initiatives](#) (PDI) en colaboración con numerosos actores locais (gobierno, feministas, activistas) dende 2007 para tentar poñer fin ao infanticidio. É esta unha forma de violencia extrema contra as mulleres pola cal unha comunidade admite que se asasen as nenas acabadas de nacer pola baixa consideración social das mulleres. Esta práctica leva a que a pirámide de sexos estea invertida para o distrito de Salem (hai máis homes que mulleres, o cal contradí a tendencia natural) e que de cada 1000 nados falten 200 nenas. O noso programa traballa en catro bloques do

distrito de Salem, cunha poboación de máis de 200.000 persoas, e incide en aspectos paliativos como o seguimento de mulleres embarazadas pero o seu obxectivo último é contribuír a un cambio nos patróns de xénero que faga inadmisíbel toda forma de violencia contra as mulleres.

ACTIVIDADES

• APOIO ÁS MULLERES EMBARAZADAS E ÁS SÚAS FAMILIAS



Acotío, as traballadoras de base desenvolven sesións personalizadas coas mulleres e as súas familias nas súas casas, nas que tratan temas relativos ao xénero, alimentación, saúde e hixiene.

As sesións comezan dende que a muller entra no programa e continúa ata o parto. A partir de aí, se o bebé é unha meniña, faise seguimento ata 18 meses para evitar que a nena sexa asasinada ou abandonada, caso no que as sesións continúan coa mesma intensidade, sobre todo centrándose nos aspectos de xénero. Ademais, o persoal de base identifica os casos nos que as mulleres reciben fortes presións para “producir” un varón e os derivan ás asesoras especializadas, que visitan ás mulleres e ás familias para apoialas e tentar cambiar as actitudes a través do diálogo e tamén aseguran a protección da nena.

• ACTIVIDADES PARA O CAMBIO NAS PERCEPCIÓNS E COMPORTAMENTOS DE XÉNERO

Se ben as actividades anteriores son importantes, dende o enfoque do programa o fundamental é cambiar as percepcións de xénero que permiten que exista o infanticidio e outras formas de violencia de xénero relacionada. Para isto trabállase con diferentes estratexias que de seguido detallamos.



Formación de grupos de axuda mutua e aforro. Esta importante ferramenta facilita que as mulleres teñan acceso ao capital para negocios ou necesidades correntes do día a día, pero tamén cumpre unha importante función en canto ao seu empoderamento, xa que son unha fonte de apoio mútuo e melloran a súa autoestima e capacidades de acción política.

Capacidades para a vida para adolescentes. Co obxectivo de sensibilizar á mocidade sobre a igualdade de xénero e mellorar as súas capacidades xerais organízanse cursos de dúas tardes nos que se tratan, ademais do tema xeral da igualdade de xénero, temas como resolución de problemas, empatía, relacións interpersoais, pensamento crítico, comunicación, pensamento creativo, xestión do estrés, coñecemento propio, toma de decisións ou xestión das emocións.

Formación de clubs de xénero. O persoal do proxecto falou coa mocidade para crear clubs de xénero co obxectivo de provocar cambios neste sentido nas e nos integrantes e en toda a comunidade. A mocidade amosouse moi disposta. O programa fai fincapé tamén no papel fundamental da mocidade na erradicación do infanticidio. Os resultados están a ser moi positivos porque as e os integrantes dos clubs comezaron a informar ao persoal sobre casos de risco de infanticidio.



Campañas de teatro de rúa. O teatro de rúa é unha ferramenta para provocar debate e transformar os papeis de xénero. O programa conta cun equipo voluntario de 10 mulleres, incluídas as traballadoras do proxecto, que realizan actuacións en lugares públicos das aldeas para difundir mensaxes contra o infanticidio e outros aspectos relativos á igualdade de xénero, dende a alfabetización aos matrimonios de adolescentes.

Centro de apoio ás mulleres. O proxecto conta tamén cun centro de apoio ás mulleres, dotado de persoal cualificado, como un avogado e unha activista feminista. As mulleres da comunidade poden acudir ao centro para buscar asesoramento e axuda en casos de violencia e outros problemas graves aos que se enfrontan como bigamia, herdanzas, abandono familiar, etc.

Actividade	Total
Embarazadas identificadas	13.197
Teatro de rúa	74.644 participantes
Grupos axuda mutua	73 grupos / 904 mulleres
Aforro total dos grupos	18.200 €
Centro de apoio ás mulleres	45 casos
Cursos de capacidades para a vida	177 grupos (2.400 mozos, 1946 mozas)
Clubs de xénero	98
Sensibilización de xénero a grupos	276 grupos / 4.138 mulleres
Nenas nadas	3.770
Formación en temas legais	88 persoas

O outro proxecto vixente nestes momentos no sur da India é o **Corredor de xénero**.

O programa **Corredor de xénero** é unha iniciativa promovida por Implicadas e a ONG támara [People's Development Initiatives](#) (PDI), que inclúe os distritos de Tiruchirapalli e Karaikal e leva en marcha dende 2008 co obxectivo de conseguir o empoderamento das mulleres e un desenvolvemento con enfoque de xénero a todos os niveis entre as comunidades empobrecidas de ambos distritos, que inclúen a 20.000 persoas.



ACTIVIDADES:

- **EMPODERAMENTO DE MULLERES**

Formación de grupos de axuda mutua e aforro. Esta valiosa ferramenta facilita que as mulleres teñan acceso ao capital para negocios ou necesidades correntes do día a día, pero tamén cumpre unha función fundamental en canto ao seu empoderamento, xa que son unha fonte de apoio mutuo e melloran a súa autoestima e capacidades de acción política.

Ademais, o programa facilitou que os grupos puidesen acceder a crédito bancario e foi así que 10 grupos recibiron apoio de institucións financeiras.

Alfabetización de mulleres adultas. O programa tenta superar o analfabetismo imperante sobre todo entre as mulleres cun programa específico axustado ás súas necesidades a través do cal as traballadoras de base van identificando e visitando regularmente ás mulleres analfabetas. As clases impártense de forma diaria na casa das interesadas durante as horas que teñen libre durante o día e tentando reunir a varias beneficiarias nunha mesma casa para aumentar a eficiencia.

Atención a mulleres embarazadas. O proxecto presta atención especial á saúde das mulleres e fai seguimento das mulleres embarazadas para asegurar a vacinación e seguimento médico axeitado.

• ACTIVIDADES EDUCATIVAS

Clases de apoio. Para compensar a falta de apoio familiar na educación (debido ao analfabetismo dos proxenitores ou outras circunstancias) e para axudar ás crianzas a mellorar na educación, especialmente ás nenas, o proxecto puxo en marcha clases de apoio en todos os suburbios e aldeas incluídas neste. Cada día á tardiña as nenas e nenos reúnen coa traballadora de base para repasar temas, facer os deberes ou aprender novos contidos.

Centro de informática. O proxecto conta cun centro de informática para proporcionar formación sobre todo a mozas de xeito que poidan acceder a un mellor emprego.

Xuntanzas entre familias e profesorado. Para mellorar a implicación das familias na educación



das crianzas e con especial énfase na asistencia dos pais como medida correctora de xénero, o programa organiza xuntanzas regulares co profesorado para debater e orientar ás familias sobre a importancia da educación e o traballo das súas fillas e fillos. Na actualidade, o número de nais que asisten a estas xuntanzas triplica ao de pais, unha proporción que aínda cómpre

mellorar dende o punto de vista do reparto equitativo das tarefas pero que polo menos constitúe un avance importante na implicación dos homes en cuestións do coidado infantil.